

Autorización Paterna/Materna para participar na VI edición do T²W-Tecnópole Technological Workshops para que PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. FAGA USO DOS DATOS PERSOAIS DO MENOR.

D./Dña..... con DNI
na súa calidade de pai, nai ou titor do menor (nome do fillo/a).....

AUTORIZO

ao meu fillo/a para participar na actividade de **T²W- Tecnópole Technological Workshops** que se levará a cabo no Parque Tecnolóxico de Galicia en horario de 10:00 a 18:00, entre os días 2 e 13 de xullo, de luns a venres.

Así mesmo, autorizo a que PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. faga uso da información persoal concernente ao meu fillo/a coa única finalidade de posibilitar a súa participación no concreto programa e/ou evento no que participa. A información de carácter persoal que sexa obtida do Centro Escolar, o titular e responsable é PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A (CIF A32150088). Poñemos todo o coidado e contamos coas medidas que a Lei esixe para que a información persoal facilitada e/ou o resultado do seu tratamento non chegue a terceiros, salvo imposición legal ou despois do seu consentimento. Ten vostede dereito a exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, supresión, limitación e oposición, así como solicitar a súa portabilidade, mediante escrito, determinados pola Lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, dirixíndose por escrito ao seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Edif. CEI, San Cibrao das Viñas, 32900 Ourense.

Os datos do seu fillo/a serán conservados ata que finalice o obxectivo polo que foron obtidos, a no ser que unha lei nos lexitime para o seu uso.

Así mesmo infórmase que, de consideralo necesario, pode presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Entre as actividades desenvolvidas celebraranse almozos, polo que declaro que o meu fillo/a:

- Non sofre alerxias ou intolerancias alimentarias coñecidas.
- Sofre alerxia alimentaria ou intolerancia aos seguintes alimentos.....
.....
- Ademais, teño coñecemento e autorizo a que o meu fillo/a use o transporte habilitado para tal efecto polo Parque Tecnolóxico de Galicia. **Parada autobús:**
- Autorizo a realización de actividades acuáticas, posto que o meu fillo/a sabe nadar.
- Autorizo a captar imaxes durante o desenvolvemento das actividades nas que poida aparecer a imaxe do meu fillo/a e publicalas, unicamente, cunha finalidade divulgativa.

En caso de que non preste a súa autorización a este último requirimento non será posible para PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. acreditar a efectiva participación no evento e en consecuencia impedirá a participación do menor na actividade.

- Acepto e lin as condicións de privacidade e de protección de datos

Para que conste, fírmoo.

Ourense, _____ de _____ do 2018.